

## **B/VALOR. T. Barberena**

I. Babuña...

A pancada panda, María

A pancada,

O pan do día.

Pam Pam,

María!

Cría Balor

A María.

Día tras día.

Batuca a batuca.

Bam Bam!

Brea a Brea,

Bambeo a bambeo,

Cría Balor

A María,

Día tras día.

II. Bategada...

El brouca á María

El Bróucalle

María non brúa!

Brúa, María!

Brúa!

....

María non breca!

Breca, María!

Breca!

.....

María non solta bagulla!

Bagulla, María!

Bagulla!

Fóra hai bategada

Fóra

Non dentro!

Que non bata, María!

Que non bata!

III. Balloada...

Baldou á María

O badoco

Baldouna

María, baldouche!

Día tras día

Baleirou á María

Baleirouna

Oca, deixouche, María!

Chea de balor

Lonxe do valor

Balloada de anos,

non, de días.

Valor comesto,

Comesto

polo Balor

...

Balorenta estás, María!

Balorenta,

Baldeira e soia,

Día tras día,

María!

IV. Escampa...

Agarra vida, María!

Baldeira Balor!

Agarra valor!

....

María, voa!

Voa, María!